

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL “SPECIAL OLYMPICS GALICIA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE VARIAS ACTIVIDADES NO ANO 2020

---

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Eladio Fernández Pérez con documento nacional de identidade número 34242673C, Presidente da Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual “**SPECIAL OLYMPICS GALICIA**”, con domicilio en Santiago de Compostela en Vía Pasteur 53-A, Polígono do Tambre, 15890 Santiago de Compostela con CIF G-15771777, co número de Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia 2000/000550-1ª e no de Rexistro de Entidades prestadoras de Servizos Sociais co número S-1358.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, acordando

### EXPOÑER

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, “Xeral de Subvencións” e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal 2020.
- IV. Que o Concello de Santiago para levar a cabo a colaboración coa **Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de personas con discapacidad intelectual “SPECIAL OLYMPICS GALICIA”** (en diante **SPECIAL OLYMPICS GALICIA**) obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020, que de acordo co seu artigo 33 achegará a cantidade de **tres mil cincocentos euros (3.500,00.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890000.

E, polo que as partes

### CONVEÑEN

1º.- Que é obxecto deste convenio a colaboración entre as partes para a promoción do deporte na cidade e, en particular, da práctica e difusión do deporte a través da realización do Maratón

Autonómico Urbano e a Marcha Ciclista Unificada na que está prevista a participación de persoas con discapacidade intelectual, adestradores, familias, voluntarios e deportistas unificados. A primeira actividade foi realizada o 26 de setembro de 2020, e a segunda está pendente de levarse a cabo no mes de novembro, polo que a Asociación Special Olympics Galicia comprométese a organizar e desenvolver esta actividade deportiva, programada para o 26 de setembro do 2020 no caso do Maratón Autonómico Urbano e posiblemente no mes de novembro 2020 no caso da Marcha Ciclista Unificada.

**2º.-** A Asociación Special Olympics Galicia como organizador do evento, farase cargo dos medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento da actividade co fin de garantir un correcto desenvolvemento da mesma debendo, ademais, definir e aplicar unha normativa xeral de competición ou regulamento particular que preserve a igualdade entre os participantes e estableza as condicións da competición.

A Asociación Special Olympics Galicia manifesta a súa vontade de adoptar todas as medidas necesarias que posibiliten a boa orde e seguridade dos participantes, cumprimento de horarios, disciplina e espírito deportivo da competición, así como, acadar os permisos que sexan necesarios ante as autoridades e organismos que correspondan, e aplicar aquelas normas e regulamentos que sexan de obrigado cumprimento para este tipo de propostas.

**3º.-** O Maratón Autonómico Urbano desenvolveuse no Estadio Verónica Boquete en Santiago de Compostela e a Marcha Ciclista Unificada desenvolverase polas diferentes rúas de Santiago de Compostela, sendo responsabilidade da Asociación Special Olympics Galicia adoptar todas as medidas de seguridade, control de aforo, evacuación, sanitarias e demais requisitos que determinen a normativa existente e os propios plans de evacuación/autoprotección dos recintos.

A maiores, a entidade dispón dun seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para dar cobertura ás posibles incidencias que poidan derivarse da organización desta competición, que dea cumprimento ao establecido na lexislación vixente de espectáculos e actividades recreativas de Galicia. Ao mesmo tempo, a entidade ten contratado un seguro de accidentes para cubrir a asistencia sanitaria de todos os participantes, en caso de accidente deportivo.

En consecuencia, a súa organización supón asumir unha serie de gastos necesarios para o desenvolvemento da proba que garantan, cando menos, o citado nos parágrafos anteriores.

**4º.-** En todo tipo de publicidade e información fai constar a colaboración municipal para o desenvolvemento desta actividade mediante a inclusión, cando menos, do anagrama do Concello de Santiago en anuncios, material publicitario e carteleira en xeral, así como, en zonas preferentes e visibles nos espazos de saída e meta das probas.

**5º.-** A Asociación Special Olympics Galicia comprométese a presentar, antes da sinatura do presente convenio para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

**5.1.-** Copia da escritura de constitución da entidade e do poder de representación da mesma.

**5.1.-** Certificación oficial da entidade Special Olympics Galicia comprometéndose á organización das actividades Maratón Autonómico Urbano celebrado o 26 de setembro do 2020 e a Marcha Ciclista Unificada previsiblemente a finais do mes de novembro 2020 .

**5.3.-** Certificación da entidade, asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente, do orzamento detallado de ingresos e gastos previstos para a realización deste evento.

**5.4.-** Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

**5.5.-** Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**5.6.-** Copia do CIF da Entidade

**5.7.-** Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta, no que se faga constar o BIC e o IBAN

**6º.-** Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

**7º.-** Pola súa parte, o Concello de Santiago comprométese a subvencionar á Asociación Special Olympics Galicia coa cantidade de **(3.500,00.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890000, destinados á axuda do financiamento dos conceptos de gasto e contías que a continuación se detallan e que figuran expresamente no orzamento xeral das actividades:

En concreto, en atención ao exposto pola propia entidade, **1.456 €** irán destinados á axuda do financiamento da actividade Maratón Urbano, e **2.044 €** á Marcha Ciclista Unificada Special Olympics Galicia.

➤ Maratón urbano

Manutención	219,71 €
Trofeos e medallas participantes	115,68 €
Desprazamento	819,50 €
Material actividade	11,68 €
Servizo de prevención participantes	625,00 €
<b>Total do orzamento por estes conceptos:</b>	<b>1.791,57 €</b>

➤ Marcha Ciclista Unificada Special Olympics Galicia

Manutención	300,00 €
Servizo de prevención participantes	620,00 €
Avituallamiento	300,00 €
Publicidade e propaganda (máscaras e serigrafía)	713,43 €
Transporte	150,00 €
Aloxamento	500,00 €
<b>Total do orzamento por estes conceptos:</b>	<b>2.583,43 €</b>

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado pola Asociación Special Olympics Galicia para a actividade obxecto de subvención.

**8º.-** Para facer efectivo o pago é condición necesaria que a Asociación Special Olympics Galicia presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, sendo a data límite o **30 de novembro de 2020**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

**8.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido o obxecto deste convenio.

Presentaranse unha breve memoria na que se inclúan recortes de prensa, fotografías, ..., nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido no punto 4 do mesmo.

**8.2.- Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas** que se correspondan cos conceptos de gasto e contías que figuran no apartado 7º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2020, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 7ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos pola entidade para a organización deste evento, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe da subvención recollida no mesmo.

**Excepcionalmente**, só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasolineras, supermercados, etc.). En ningún caso poderán superar a contía de 600 euros. Xustificarse mediante factura ou recibo asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

**8.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade** na que se expresen, tamén baixo a súa responsabilidade, as axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para o mesmo fin. Esta declaración deberá vir acompañada dunha liquidación do orzamento de gastos e ingresos da actividade.

**8.4.-** No momento da xustificación deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

**9º.-** O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2020.

**10º.-** O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a revogación da subvención prevista no presente convenio.

**11º.-** A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto terceiro deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

**12º.-** De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

**13º.-** Polo Concello poderá esixirse, a maiores das condicións establecidas anteriormente, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

**14º.-** Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a Entidade, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 Xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

**15º.-** O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES08 2080 0386 3230 4000 4746 (CAGLESMXX)**.

**16º.-** As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como, ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

**17º.-** Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

**18º.-** O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei, 9/2017, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Pola Asociación de Padres, Profesionales y Amigos  
de personas con discapacidade intelectual "SPECIAL  
OLYMPICS GALICIA"

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo  
**ALCALDE**

Asdo.: Eladio Fernandez Pérez  
**PRESIDENTE**